



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL TOURO

*Expediente 2023/G003/000203. Aprobación padrón da taxa recollida de lixo ano 2023*

### ANUNCIO

Con data 4 de xullo de 2023, pola Alcaldía-Presidencia do Concello de Touro, asinouse o Decreto nº 180/2023 co seguinte contido:

#### “ DECRETO

**ASUNTO:** Aprobación do Padrón da taxa de recollida de lixo ano 2023

**EXPEDIENTE:** 2023/G003/000203

#### ANTECEDENTES

censo elaborado para a confección do padrón da taxa de recollida domiciliar de lixo para o exercicio 2023, co seguinte importe:

TAXA	IMPORTE PADRÓN	Nº DE OBTOS TRIBUTARIOS
Recollida de lixo exercicio 2023	76.390,00 euros	1855

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

#### RESOLUCIÓN

**Primeiro.** Aprobar o padrón de contribuíntes da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2023, co seguinte importe:

TAXA	IMPORTE PADRÓN	Nº DE OBTOS TRIBUTARIOS
Recollida de lixo exercicio 2023	76.390,00 euros	1855

**Segundo.** Expoñer ao público os datos incorporados ao padrón durante un período de 15 días computados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. Esta exposición dende a publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e durante o período os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**Terceiro.** O período de cobramento en período voluntario abranguerá entre o 1 de agosto e o 15 de novembro de 2023. Transcorrido este prazo iniciarase o período executivo e da débeda resultante esixirase polo procedemento de constrinximento, percibíndose as recargas e demais conceptos esixibles en aplicación dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

**Cuarto.** Contra as liquidacións que se inclúen no padrón os interesados poderán interpoñer o recurso de reposición previsto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 no prazo dun mes, ante a Alcaldía e contra a súa denegación, recurso contencioso administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, prodúzase o acto presunto; segundo o preceptuado no artigo 46.1 da Lei 29/98, de 13 de Xullo; reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro que estime oportuno”.

Touro, 6 de xullo de 2023.

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente